



NORMATIVA DE PERMANENCIA DE ESTUDANTES DE GRAO E MÁSTER NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Aprobada polo Consello Social do 27 de marzo de 2014

O Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, modificado polo Real Decreto 861/2010, de 2 de xullo, que establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais, regula a nova estrutura e xestión dos ensinos de Grao e Máster Universitario adaptadas ao EEES e fai necesario dotarse dunhas normas específicas de xestión destes títulos.

A experiencia da implantación dos Graos e Másteres permitiu elaborar unhas novas Normas de Xestión Académica acordadas coas novas titulacións oficiais, adoptando decisións en materia de organización, matrícula, actas, traballo fin de grao e fin de máster, xestión de novos plans de estudos, etc. que foron aprobadas polo Consello de Goberno.

De acordo co art. 46.2, apartado k) da Lei Orgánica 6/2001, de universidades (LOU), modificada pola Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril, nos termos establecidos polo ordenamento xurídico, os estudantes terán dereito a unha atención que facilite compatibilizar os estudos coa actividade laboral. O Estatuto do Estudante Universitario, aprobado por Real Decreto 1791/2010, de 30 de decembro, determina no seu artigo 7.2, que as universidades establecerán dentro das súas dispoñibilidades orzamentarias as medidas necesarias para facer posible o exercicio dos estudantes a tempo parcial e, en especial, a obtención de cualificacións a través de traxectorias de aprendizaxe flexibles, para o que a Universidade da Coruña aprobou a Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de Grao na UDC.

Así mesmo, o Real Decreto 1393/2007, no apartado 1.4 do Anexo I, relativo á memoria de solicitude de verificación dos títulos oficiais, determina que deberán incluírse, no seu caso, as normas de permanencia.

É, por tanto, evidente á luz destas normas, que a Universidade da Coruña debe dotarse destas normas de permanencia, coas que poder exercer a responsabilidade social que debe impregnar a actividade dunha institución de educación superior e compatibilizar o estudo do seu alumnado co adecuado aproveitamento dos fondos públicos destinados á formación universitaria, promovendo o progreso académico dunha maneira ordenada e co maior rendemento académico, implicando aos estudantes no avance e progreso dos seus estudos, axustando a matrícula aos créditos que realmente un estudante pode razoablemente superar conforme ás condicións de traballo que establecen os créditos ECTS. Desta forma farase realidade o binomio protección de dereitos-exercicio da responsabilidade dos estudantes que figura no preámbulo do Estatuto do Estudante Universitario.

A Lei Orgánica de Universidades de 2001, modificada pola Lei Orgánica 4/2007, establece que a autonomía das universidades comprende a admisión, réxime de

permanencia e verificación dos coñecementos adquiridos polos estudantes. O art. 46.3 sinala que as universidades establecen os procedementos de verificación dos coñecementos dos estudantes e que será o Consello Social o que aprobe as normas de permanencia.

En virtude de todo o cal, o Pleno do Consello Social da Universidade da Coruña, reunido en sesión ordinaria o pasado 27 de marzo de 2014 acordou aprobar, á vista da proposta do Consello de Goberno da UDC de data 26 de marzo de 2013, as seguintes normas de permanencia de estudantes de grao e máster na Univerisdade da Coruña, previo informe do Consello de Universidades, do Consello Galego de Universidades, e de conformidade co previsto nos arts. 46.3 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades e 75.4 h) da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia.

Artigo 1. Obxecto

Estas normas teñen como obxecto regular a permanencia e progresión nos estudantes de Grao e Máster Universitario da Universidade da Coruña.

Artigo 2.- Ámbito de aplicación.

2.1. A presente normativa será aplicable aos estudantes matriculados nos estudos correspondentes ás titulacións de Grao e Máster Universitario establecidas no marco do Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, modificado polo Real Decreto 861/2010, de 2 de xullo.

2.2. Os estudantes da Universidade da Coruña poden cursar estudos a tempo parcial e a tempo completo, de acordo co establecido na Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de Grao na UDC, aprobada polo Consello de Goberno o 29/05/2012 e coa Normativa de Xestión Académica da UDC, para o curso académico correspondente.

2.3. Esta normativa de permanencia non resultará de aplicación para os seguintes casos:

a) Estudantes matriculados en titulacións conxuntas, que se rexerán co que estableza o convenio ou a memoria de verificación da titulación correspondente.

b) Estudantes matriculados en titulacións oficiais ao amparo de programas de formación continuada, ou noutras modalidades de matrícula non destinadas á obtención dunha titulación oficial.

c) Estudantes matriculados en titulacións reguladas por programas de simultaneidade aprobados polo Consello de Goberno da UDC que se rexerán polo programa que lles corresponda.

d) Estudantes que participen en programas de mobilidade, durante o ano que curse estudos noutras universidades.

Artigo 3. Número mínimo de créditos que se deben superar.

3.1 Estudos de Grao





Os estudantes de primeiro curso, por primeira vez, das titulacións correspondentes a estudos oficiais de Grao, deberán superar nese curso académico polo menos 12 créditos, se a matrícula efectuouse no réxime de dedicación a tempo completo, e 6 créditos no réxime de dedicación a tempo parcial para poder ter a consideración de estudante de continuación de estudos na mesma titulación no curso académico seguinte.

De no cumprirse estes requisitos, poderase admitir de novo a matrícula no seguinte curso académico, pero neste caso deberá superar un mínimo de 36 créditos obrigatorios do primeiro curso para matrícula a tempo completo, e 18 no caso de tempo parcial.

3.2. Estudos de Máster Universitario

a. Os estudantes de primeiro curso, por primeira vez, matriculados en réxime de dedicación a tempo completo, das titulacións correspondentes a estudos oficiais de Máster Universitario, deberán superar nese curso académico polo menos 18 créditos, e de 12 créditos a tempo parcial

Artigo 4. Avaliación e número de convocatorias.

4.1 O número máximo de convocatorias de que dispón o estudante para superar a avaliación dunha materia ou materias dunha titulación de Grao é de catro.

O número máximo de convocatorias de que dispón o estudante para superar a avaliación dunha materia ou materias dunha titulación de Máster Universitario é de dous.

4.2 A formalización da matrícula nas titulacións de Grao e Máster Universitario dará dereito, en cada curso académico, a unha única convocatoria con dúas oportunidades de avaliación que se realizarán conforme ao calendario académico aprobado, ou na norma que corresponda.

No cómputo das convocatorias para superar unha materia non se terán en conta aquelas en as que figure a consideración de "non-presentado" (NP).

Aquel estudante que esgotase o número de convocatorias mencionado non poderá proseguir os mesmos estudos na UDC, conforme se dispón no artigo 7 desta Normativa.

Artigo 5. Permanencia e progresión

5.1 O alumno de continuación de estudos de Grao, con réxime de tempo completo, deberá matricularse respectando o número máximo de créditos autorizado na norma correspondente, incluíndo todos os créditos de formación básica e obrigatoria, daqueles cursos académicos anteriores, que non teña superados.

5.2 A Universidade da Coruña establecerá nunha normativa específica as condicións, requisitos e procedementos necesarios para a avaliación por compensación, así como a regulación das convocatorias extraordinarias de



materias ou materias e traballos fin de grao e máster ás novas normas e estrutura destas titulacións.

Artigo 6. Desistencia e anulación de matrícula

6.1. A estimación da solicitude de desistencia total da matrícula realizada, que terá a efectos de permanencia a mesma consideración que se o estudante non se matriculou, deberá realizarse de conformidade coas normas establecidas na UDC e levará a devolución das cantidades abonadas en concepto de prezos públicos, só se a solicitude se realiza nos prazos previstos na Normativa de Xestión Académica correspondente a cada curso académico, dentro do primeiro cuadrimestre.

6.2. A solicitude de desistencia parcial de matrícula, correspondente a materias do segundo cuadrimestre, motivada en causas sobrevidas a acreditadas de forma fidedigna, deberá presentarse polo estudante no prazo que se estableza na Normativa de Xestión Académica da Universidade para cada curso académico e a súa estimación poderá levar consigo a devolución do importe pagado en concepto de matrícula daquelas materias ou disciplinas do segundo cuadrimestre que correspondan, ou, no seu caso, a exención do pagamento fraccionado dos prazos que corresponderen.

No expediente académico do estudante ao que lle fose estimada a solicitude de desistencia parcial de matrícula motivada en causas sobrevidas, constarán todas as materias do primeiro cuadrimestre coas cualificacións que obtiver e, se é o caso, só aquelas outras materias do segundo cuadrimestre coas cualificacións que obtiver nelas.

6.3. O órgano ante quen debe presentar o estudante a solicitude de desistencia da súa matrícula no caso previsto no apartado 6.1 é o Decano ou Director do Centro, que resolverá en primeira instancia, actuando por desconcentración das competencias do Reitor, anulando totalmente a matrícula.

O órgano ante quen debe presentar o estudante a solicitude de desistencia da súa matrícula nos casos previstos no apartado 6.2 é o Reitor.

Artigo 7. Cambio de universidade e/ou estudos universitarios oficiais

7.1. Os estudantes que accederon con estudos universitarios oficiais españois parciais que desexen ser admitidos na Universidade da Coruña ou os estudantes desta universidade que desexen cambiar de titulación, sen prexuízo do establecido no artigo 56 do Real Decreto 1892/2008, de 14 de novembro, resultarlles de aplicación a presente normativa, tomando como punto de inicio a súa matrícula na titulación na que resultaren admitidos.

7.2. As solicitudes de praza de estudantes con estudos universitarios estranxeiros parciais ou totais que non obtivesen a homologación do seu título en España resolveranse conforme ao disposto no artigo 57 do Real Decreto 1892/2008, de 14 de novembro.

Artigo 8. Incumprimento das normas de permanencia

8.1 Aquel estudante matriculado na UDC, que non cumpra as condicións de permanencia que establece esta Normativa deberá abandonar os estudos da titulación de Grao ou Máster Universitario no que estea inscrito.

8.2. Os Decanos e os Directores, tras o informe das comisións académicas correspondentes dos centros ou das titulacións, resolverán, por desconcentración das funcións do Reitor, as situacións e as solicitudes dos estudantes previstas nesta Normativa, incluso aquelas de carácter excepcional sempre que estean suficientemente acreditadas polos interesados.

8.3. Contra a resolución dos Decanos e Directores dos centros caberá recurso de alzada ante o Reitor da Universidade, sen prexuízo da posibilidade de interposición daqueloutros recursos que se poidan interpor de acordo á lexislación vixente.

Artigo 9. Información e seguimento do proceso

Con carácter anual, a Universidade da Coruña elaborará un informe de seguimento da implantación destas normas e dos seus resultados, que será presentado para o seu estudo e avaliación pola comisión do Consello Social que fora competente. Á vista dos resultados deste informe, esta comisión elevará as oportunas propostas de adaptación e revisión da normativa ante o Pleno do Consello Social, para a súa aprobación.

Corresponderá á Comisión de Plans de Estudos, delegada do Consello de Goberno, dar a coñecer a todos os centros este informe para facilitar as tarefas orientadora e informativa cara ao alumnado. Este informe será publicado na páxina web institucional.

Disposición adicional primeira. Actualización normativa

A Normativa de Xestión Académica deberase axustar á presente normativa.

Disposición adicional segunda. Difusión e publicidade

A Universidade da Coruña, así como os seus respectivos centros e servizos, publicitarán estas normas de permanencia e ofrecerán información sobre os efectos das mesmas, realizando un labor de asesoramento aos estudantes.

Disposición transitoria

Aos estudantes de Grao e Máster Universitario matriculados no curso académico 2012-2013 e anteriores non se lles terán en conta os límites de permanencia establecidos nos artigos 3 e 4 da presente Normativa, resultándolles de aplicación as condicións polas que iniciaron os seus estudos, ata o curso académico 2019-2020 no que deberán adaptarse a estas normas.

Aos estudantes matriculados en estudos oficiais que se rexan pola anterior ordenación académica seralles de aplicación a anterior normativa de permanencia e matrícula, salvo que se incorporen aos novos plans de estudo de Grao, voluntariamente ou por extinción definitiva da súa ordenación, nese caso rexeranse





pola presente Normativa séndolles de aplicación o parágrafo anterior desta disposición transitoria.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas cantas normas de carácter interno desta universidade se opoñan ao disposto na presente Normativa.

Disposición final

A presente Normativa, que entrará en vigor no curso académico 2013-2014, publicarase ao día seguinte da súa aprobación polo Consello Social.